


TI CONTAS

All of you are part of this



CEIP ALBORADA 23/24



ÁMBITO MATEMÁTICO

1.-IDENTIFICACIÓN	
TÍTULO DA TAREFA CORAZÓN PARTIDO (Segunda tarefa)	
ETAPA EDUCACIÓN INFANTIL	NIVEIS 4º, 5º E 6º
ÁMBITO / ÁREAS MATEMÁTICO	PROFESORADO RESPONSABLE DO ÁMBITO. (MÓNICA)
DESCRIPCIÓN DA TAREFA Imos realizar diferentes actividades encamiñadas á iniciación dos nenos e nenas nas fraccións, aspecto que se traballará de forma moito máis complexa na etapa de educación primaria.	
XUSTIFICACIÓN As fraccións en Educación Infantil, entendidas como actividades de conteo, reparto e agrupación, podemos traballalas partindo do conteo que da resposta a un dos obxectivos do noso currículo; a Área de Descubrimento e Exploración da contorna pídennos que o alumnado identifique características dos materiais, obxectos e coleccións e estableza relacións entre eles, explore e manipule os obxectos para conseguir así crearse unha idea do mundo que o rodea.	
CONTEXTO Este taller/ámbito está pensado para desenvolverse en pequenos grupos de 14-15 nenos e nenas de diferentes niveis (4º, 5º e 6º) de Educación Infantil. Debido á diversidade de idades que se van mesturar, pénsase en actividades sobre todo colaborativas e cooperativas nas que os maiores á vez que manipulan os obxectos, axuden aos máis cativos de 4º nivel. Realizarase no ámbito MATEMÁTICO.	

2. CONCRECIÓN CURRICULAR		
ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ INDICADORES	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
1.-Asemblea na que se explica o que se vai facer durante este taller (averiguando se saben contar, se creen que as cousas se poden agrupar atendendo ás súas características; e explicando que imos aprender)	CA3.2 Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as interaccións comunicativas do resto. CA3.5 Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Rexistro de observación/Escala de valoración
2. -Lectura do conto “La casa de la mosca fosca”, no que escoitamos atentamente a historia.	CA5.3 Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Rexistro de observación/Escala de valoración
3. Visionado do vídeo das fraccións para nenos de infantil (smile and learn “fracciones para niños, aprende las fracciones con pizza”, https://www.youtube.com/watch?v=c9cTljBqFTw)	CA9.4 Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas, tempos de uso, contidos axustados...	Rexistro de observación/Escala de valoración
4. Coas marionetas dos personaxes do conto, imos a repartilos e agrupalos de varias maneiras, atendendo a varios criterios (os que teñen antenas, os que poden voar...)	1.1 Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese	Rexistro de observación/Escala de valoración
4-Aproveitando o conto, presentámoslle a imaxe de varias tartas de amoras divididas en fraccións, deben montar a tarta contando os seu anacos, deben dicir cuántos invitados van á festa da personaxe do conto.	CA1.2 Empregar os cuantificadores básicos máis significativos.	Rexistro de observación/Escala de valoración
5.-Aproveitando o tema traballado anteriormente a actividade 1 deste ámbito matemático (as figuras xeométricas), imos	CA1.4 Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Rexistro de observación/Escala de valoración

proporcionar unhas figuras xeométricas partidas á metade, que deben compoñer.		
5. -Expoñemos nun panel as figuras montadas polos equipos na que pode ver a unidade, a metade e 1 cuarto. Imos á aula do lado, onde aparece na porta un corazón dividido en 4 anacos. Facer fotografías do proceso e resultado.	CA4.4 Producir diferentes textos individualmente ou en grupo con escritura convencional ou non, con propósitos e intención diferentes: recoller e transmitir información	Rexistro de observación/Escala de valoración
CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA		
Expresión oral, respecto da quenda de palabra, escoita activa, traballo en equipo, respecto ás opinións diferentes.		

4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA

ACTIVIDADES	LUGAR DA ACTIVIDADE	AGRUPAMENT O	RECURSOS	TEMPORALIZACI ÓN
Asemblea de presentación e identificación de coñecementos previos	Lugar da asemblea, aula de (actividade cotiá) ámbito matemático.	Gran grupo	Alumnado e a mestra	15 minutos
Lectura do conto, conversa e visionado de vídeo	Lugar da asemblea, aula de (actividade cotiá) ámbito matemático	Gran grupo	Alumnado de mestra. Conto “ILa casa de la mosca fosca”	20 minutos

			Pantalla, proyector. Internet. Video de smile and learn “fracciones para niños, aprende las fracciones con pizza”, https://www.youtube.com/watch?v=c9cTljBqFTw	
Reparto dos personaxes do conto e clasificación atendendo a diversos criterios.	No chan da aula de ámbito matemático	Pequeno grupo (de 4 nenos, nenas aprox.)	Marionetas de cartolina das personaxes do conto.	20 minutos
Presentación de varias tartas de amoras (como a exposta no conto) divididas en fraccións, deben montar a tarta contando os seu anacos, deben dicir cuántos invitados van á festa da personaxe do conto.	Lugar da asemblea, aula de (actividade cotiá) ámbito matemático	Pequeno grupo	Debuxo de tartas divididas en anacos.	20 minutos
Reparto de diferentes figuras xeométricas divididas en partes para compañer as figuras orixinais.	Nas mesas da aula de ámbito matemático.	Pequeno grupo	Figuras xeométricas fraccionadas	20 minutos.
Conclusiones de todo o aprendido nas actividades.	Asemblea e aula de 4 anos na que podemos ver o corazón dividido.	Gran grupo.	Figuras xeométricas enteiras e divididas.	15 minutos.

Actividade de ampliación: presentamos unha serie de xogos de composición de figuras.	Nas mesas da aula de actividade cotiá, na que se traballa o ámbito matemático	Pequeno grupo	Xogos da aula do ámbito matemático. Funny shadows e o xogo Shapt-fitting puzzle educate.temático:	Actividade a realizar polos grupos que remataron as tarefas antes de tempo
Actividade de reforzo: acompañamento para a redución de contidos	No chan da aula de ámbito matemático	Pequeno grupo	Personaxes do conto e figuras xeométricas (clasificación por iguais)	Actividades a realizar por aquel alumnado con diversidade curricular.

Das 2 horas dispoñibles quedan 5 minutos para a recollida e despedida.

5.-AVALIACIÓN		
AVALIACIÓN DO ALUMNADO		
ITEMS	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
ACEPTA E VALORA AS APORTACIONES DO GRUPO	<ul style="list-style-type: none"> - ESCALA DE VALORACIÓN - REXISTRO DE OBSERVACIÓN DIRECTA 	Como?: mediante a observación directa e sistemática Quen?: a mestra coordinadora de ámbito e as persoas especialistas que interveñen. Cando?: ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora e especialista que asiste ese día. Tamén ao remate da tarefa compártanse perspectivas co equipo de ciclo e o equipo de nivel de primeiro nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nos aspectos positivos.
PRÁCTICA DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - FICHA RECOLLIDA DE INFORMACIÓN 	Como?: cumprimentando a ficha. Quen?: a mestra coordinadora de ámbito e as persoas especialistas que interveñen.

		Cando?: ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora e especialista que asiste ese día. Tamén ao remate da tarefa compártanse perspectivas co equipo de ciclo e o equipo de nivel de primeiro nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Fíncapé nas propostas de mellora e nos aspectos positivos
--	--	---

CRITERIOS CONTIDOS
TRABALLO EN EQUIPO

ITEM	1	2	3	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> • ACEPTA E VALORA AS APORTACIONES DO GRUPO 	Acepta e valora as aportacións dos demais aínda que sexan diferentes ás súas	Cústalle aceptar as aportacións dos demais pero se mostra aberto á reflexión	Cústalle aceptar as aportacións distintas ás súas e non amosa interese por facelo	CRR-CA3.2, CA3.5
<ul style="list-style-type: none"> • PARTICIPA NAS TAREFAS EN EQUIPO 	Participa activamente durante toda a actividade.	As veces participa no grupo pero noutras ocasións actúa individualmente	Non se adapta ó grupo e non é capaz de participar no grupo en ningún momento.	CRR-CA5.3
<ul style="list-style-type: none"> • PIDE, ACEPTA E OFRECE AXUDA AO GRUPO 	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso.	Pide ou ofrece axuda de forma forzada cando resulta moi necesario, pero non lle resulta agradable facelo	Non pide axuda cando a precisa nin a ofrece.	CA 2.6

<ul style="list-style-type: none"> RESPECTA AS QUENDAS DE PALABRA E AS NORMAS DE COMPORTAMENTO 	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra, e axuda a que o resto tamén o faga.	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra.	Non respecta habitualmente as normas de comportamento e intervén nas quendas doutras persoas.	DEC-CA2.7
ORGANIZACIÓN				
<ul style="list-style-type: none"> ORGANÍZASE PARA TRABALLAR EN EQUIPO, CUMPRE OS ACORDOS E AS NORMAS DE TRABALLO 	Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan, buscando solucións aos imprevistos e respectando os acordos do equipo	Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións.	Cústalle seguir o paso das actividades e cumprir os acordos do equipo.	CH-CA3.5

COMPREENSIÓN, EXPRESIÓN E ADQUISICIÓN DAS APRENDIZAXES				
ITEM	1	2	3	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> É QUEN DE COMPRENDER E ADQUIRIR AS APRENDIZAXES PLANIFICADAS 	É quen de comprender os contidos traballados, de inferir ideas e consecuencias a partir deles.	É quen de comprender a maior parte dos contidos traballados e de adquirilos.	Non é quen de comprender os contidos traballados nin de adquirilos.	CRR-CA3.2 DEC-CA1.4
<ul style="list-style-type: none"> É QUEN DE COMPRENDER UN TEXTO 	É quen de comprender un texto	É quen de comprender un texto con apoio docente.	Non é quen de comprender un texto escrito	CRR-CA4.1

DESEÑO DA TAREFA -FICHA DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN

	SI	NON
A tarefa está adaptada ás características do contexto real da aula.		
A tarefa respecta a atención á diversidade.		
Os obxectivos foron axeitados para ser acadados con éxito.		
Os obxectivos propostos foron acadados.		
A avaliación integrouse como un elemento máis da aprendizaxe e non como un elemento paralelo á mesma.		
Os instrumentos de avaliación foron prácticos e eficaces.		
Os recursos empregados foron axeitados á tarefa planificada. A temporalización prevista axustouse á realidade.		
Foi necesario engadir algún elemento non previsto.		
Recolléronse propostas de mellora de forma práctica e eficaz.		
A linguaxe empregada no deseño e planificación da tarefa foi a adecuada.		
A tarefa deseñada e planificada está axustada á normativa vixente e ao Proxecto Educativo do centro.		

Avaliación da PRÁCTICA DOCENTE – LISTA DE COTEXTO

	SI	NON

Tívoise como principio base a atención á diversidade (intereses, ritmos de traballo, habilidades...).		
Conseguiuse a creación dun bo clima de traballo na aula.		
Utilizáronse metodoloxías activas e participativas: estruturas cooperativas e dinámicas.		
Traballáronse valores como o esforzo, o respecto e a tolerancia.		
A temporalización das actividades foi deseñada coa flexibilidade axeitada.		
Tívoise en conta a aparición de imprevistos na planificación e temporalización das actividades.		
Respondeuse ben aos imprevistos xurdidos no día a día.		
Realizouse unha anticipación das tarefas a realizar a todo alumnado, en especial, ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.		
As actividades propostas resultaron atractivas e motivadoras para o alumnado.		
O proceso de aprendizaxe resultou significativo para todas as persoas implicadas na tarefa.		
O produto final da tarefa resultou significativo para o alumnado e a comunidade educativa.		
Elaboráronse alternativas de traballo para o alumnado por se fora preciso.		